

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000039.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 1 de outubro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, EXP. REF. 2025/C013/000002.
2. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE PENALIDADE POR INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES NO CONTRATO DE SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO. LOTE 2 ROZA EN PARROQUIAS NA ZONA LESTE E LOTE 3 ROZA EN PARROQUIAS NA ZONA SUR.
3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL E BÉISBOL DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2025/C003/000019. ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

4. APROBAR A EXECUCIÓN E AVALIACIÓN NO EXERCICIO 2024, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2023-2025, DO EXCMO. CONCELLO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3260264112414181964.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-10-2025

LUGO.

PERSOAL

5. MODIFICACIÓN DO ACORDO 3/358 CONVOCATORIA CONCURSO PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE XEFE/A DE GRUPO.

6. VALIDACIÓN DO GRAO PERSOAL CONSOLIDADO, NIVEL 30, E ABOAMENTO DAS DIFERENZAS RETRIBUTIVAS CORRESPONDENTES A FAVOR DO XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,